

Na primeira metade do século XX, a **veciñanza de Cee** mostra un incipiente interese **na creación dunha banda de música**. Será a mediados da década dos anos 20 cando esta ambición faise realidade co nacemento da **Banda de Cornetas e Tambores de Andrés Sacristía**. Tal foi o éxito desta agrupación que, completándose as especialidades instrumentais que faltaban no grupo de música orixinal, conformárase unha banda de música convencional: **a Banda de Música xa era unha realidade!**

A finais de 1926, o mestre **Jesús García Jiménez** asume a dirección da banda de música convencional de Cee quen, á súa vez, dará paso, no ano 1928, a **Manuel Rebolgar** quen permanecería no cargo ata o final da Guerra Civil.

Coas fatigas e as penurias da postguerra, a banda seguiría en activo baixo a batuta de **Francisco Rey**, se ben, no 1950 fírmase a súa desaparición.

1ª PARTE

PROGRAMA

ASOCIACIÓN CULTURAL
BANDA DE MÚSICA DE CEE



Haberá que esperar ata o ano 1996 para que o **Concello de Cee** tome a iniciativa de promover os estudos musicais coa idea de recuperar a banda de música do municipio.

O **primeiro concerto oficial** de Banda de Música de CEE será nas festas da **'Xunqueira' do ano 1998**. No ano 2000, o encargado de poñer en marcha a Escola Municipal de Música e, por ende, a nova banda foi o mestre Alberto Míguez. Desde outubro do ano 2000, asumirá a **dirección da Escola e da agrupación** o seu actual director, **D. Fernando Fraga Traba**.

Desde entón, a Banda de Música de Cee -BMC- ten ofrecidos **concertos en toda Galicia** e ten participado en **festivais de bandas de Santiago, Arteixo e Ortigueira**. A súa vez, ten ofrecido concertos en Vilalba, Ordes e en Monterroso, con motivo do **programa 'Concertos no camiño de Santiago'**. Ten actuado no programas de televisión **'Luar'** e **'Aquí Galicia'** da TVG. Con motivo do programa **'Música no Camiño'** a BMC actuará na Praza de Praterías de Santiago de Compostela. No ámbito das celebracións relixiosas, amais das festas patronais é habitual a súa presenza en numerosas festividades da comarca durante a Semana Santa.

En Maio do ano 2005 publica o seu **primeiro disco** e no 2022 colabora nos discos **'Junqueira'** e **'Junqueira Coronada'**.

Lucho do Peto. Andrés Pérez Fernández

Concerto d'amore. Jacob de Haan

Abba Gold. Arr. Ron Sebregts

Rosa de Abril. Andrés Gaos/Rosalía de Castro. Arr.

José Luís Represas

Voz: Gemma Román

Airiños, Aires. Gustavo Freire

Gaita: Fran Cives

A **Banda da Escola de Música de Oleiros** [BEMMO] nace no ano 2001, sendo director D. Juan B. Bernat, dando os seus primeiros concertos dentro da programación da propia escola.

No ano 2009 participa por primeira vez no III Certame Galego de Bandas de Música conseguindo o **1º Premio dentro da Sección Segunda**. No ano 2105, co gallo da súa segunda participación, obtivo o **2º Premio no Certame Galego de Bandas de Música..**

2ª PARTE

PROGRAMA

BANDA ESCOLA MPAL.DE MÚSICA OLEIROS



No ano **2002** faise cargo da dirección **D. Alberto Piñeiro Leiva**, quen impulsa a agrupación a un desenvolvemento musical que permite á BEMMO proxectarse máis aló do municipio.

No ano **2005** participa na **inauguración do Auditorio Gabriel García Márquez de Mera**.

A partir desta data, a BEMMO actúa asiduamente en actos do Concello de Oleiros como a **Feira do Mel, Alfaroleiros e Merendiñas**. Neste mesmo ano 2005, en colaboración co Excmo. Concello de Oleiros, a BEMMO organiza o **Festival de Bandas de Oleiros**, alcanzando, o presente ano, a súa edición número XV.

En 2016, 2017 e 2019 participa en intercambios rexionais coas bandas de Calahorra (A Rioxa), Puzol (Valencia) e Aguilar de Campoo (Palencia).

En outubro de **2021** toma as rendas da agrupación o director **D. Nilo García Armas**, dándolle á BEMMO unha visión renovada, como é o caso do noso último concerto **Carmen. Bizet**, pero mantendo o tradicional espírito da mesma: **ser viveiro de músicos e músicas!**

Femme força. Mercedes Femenía

En un lugar de la Mancha. Ferrer Ferrán

- II Don Sancho
- III Don Quijote y Dulcinea del Toboso
- IV Rocinante

Sinfonía Romería. David Fiuza

- II Morriña, agarimo, loanza...

De Ruada. Mauricio Farto